



## IES ISIDRO PARGA PONDAL DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

### XEOGRAFÍA E HISTORIA 2º ESO. CURSO 2023/24

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Para cualificar ao alumnado empregaranse dous tipos de **instrumentos de avaliación**:

- Probas escritas.
- Traballo diario.

A nota do/da alumno/a en cada avaliación calcularase do seguinte xeito:

- **O 80% da nota da avaliación final trimestral corresponde ás probas escritas.** Calcularase a media das notas obtidas nas probas escritas realizadas ao longo do período a avaliar (cada trimestre). Non se fai media cando nalguna das probas a cualificación sexa inferior a 3 puntos (sobre 10).
  - **Farase unha proba escrita despois de cada unidade didáctica**, agás nos casos nos que por motivos de secuenciación de contidos sexa metodoloxicamente máis oportuno facer esa proba de dúas unidades.
  - Non serán tidas en conta na puntuación xeral das probas escritas, aquelas partes das mesmas que non poidan ser lidas a causa dunha **deficiente caligrafía** que dificulte ou impida a súa lectura ou comprensión.
  - Realizarase a **media aritmética** de todas as probas escritas de cada avaliación, salvo que teña unha nota inferior á anteriormente indicada nalguna delas. A obtención dunha **nota inferior a 3** nalguna das probas articuladas ao longo da avaliación, implicará de xeito automático e independentemente do resultado da media aritmética da mesma, a cualificación de suspenso na avaliación. Neste suposto, o alumno ou alumna obterá como nota media da avaliación correspondente, unha puntuación que oscilará entre un máximo de 4 puntos (tras a suma do traballo diario), e o obtido no criterio xeral.
- **O 20% da nota final trimestral ten que ver co traballo diario.** Estas actividades diarias observaranse a través dos procedementos e instrumentos que o docente considere pertinentes:
  - Realización das tarefas encomendadas.

- Revisión dos cadernos.
- Traballos de investigación empregando TICs, ben individuais, por parellas ou en pequenos grupos para a súa exposición na clase, oralmente ou por escrito.
  - Calquera das achegas dos/as alumnos/as deberán reunir unhas **condicións mínimas de organización, limpeza, claridade, ortografía e expresión**. Unha mala presentación, a ausencia de acentuación e puntuación, deficiente estruturación da redacción, mesturas idiomáticas, falta de rigorosidade e tendencia ao uso da linguaxe coloquial, incorreccións gramaticais, frases sen sentido ou contraditorias, etc. podería chegar a implicar unha penalización de ata 2 puntos.

A **cualificación final trimestral** expresarase en **números enteiros do 1 a 10**.

- ❖ Para proceder á acumulación das porcentaxes citadas coa finalidade de obter a cualificación global, será necesario acadar unha **avaliación positiva en ambos apartados**.
- ❖ Para ser **avaliado/a positivamente**, o/a alumno/a debe alcanzar un mínimo de 5 puntos sobre 10. As aproximacións (redondeos da cualificación final de trimestre) faranse a partir do 0,75 cara a nota inmediatamente superior. Realizarase unha proba de **recuperación** cara o remate de cada avaliación. A 1ª e a 2ª avaliación contarán coa súa correspondente recuperación posteriormente da entrega de boletíns. A finais de curso haberá un exame global de recuperación para todos aqueles que teñan algunha avaliación sen superar (incluíndo a 3ª avaliación). Dita recuperación consistirá nunha única proba final de recuperación na que o alumnado só se examinará da avaliación ou avaliacións non superadas. As recuperacións constarán da mesma estrutura que o resto das probas escritas, aínda que a efectos de medias a nota máxima será de 6 puntos.
- ❖ Neste 2º curso de ESO, a nota final obterase da media aritmética despois de aplicar a seguinte fórmula:  $\text{nota da 1ª avaliación} + \text{nota da 2ª avaliación} + \text{nota da 3ª avaliación}$ ; todo o anterior dividido entre 3. Na avaliación final, valorarase a correcta realización das actividades de ampliación, e sumarase ata un máximo de 1 punto á media aritmética. Porén, no caso contrario, poderase baixar ata 1 punto sempre que non implique unha avaliación negativa. No caso do alumnado que non superase a materia, total ou parcialmente, terá que acollerse ao plan de recuperación individualizado para ser calificado positivamente.
- ❖ O alumnado que non sexa avaliado positivamente na avaliación ordinaria deberá realizar unha **proba escrita global na convocatoria da avaliación final**, cualificada sobre 10 puntos. Para superala é necesario alcanzar un mínimo de 5 puntos sobre 10. Trátase

dunha proba global; por tanto versará sobre os contidos traballados ao longo de todo o curso.

- Terán que realizar exame final na avaliación final:

- O alumnado que teña unha avaliación negativa recuperará esa avaliación agás nos casos nos que a valoración negativa sexa de 4 puntos, pois para realizar ou non a proba final terase en conta en que momento do curso se obtivo esa cualificación.
- O alumnado que teña dúas ou máis avaliacións negativas recuperará no exame final toda a materia de 2º ESO.

- Ademais das probas mencionadas, se o/a profesor/a o considera conveniente realizará unha proba global a final de curso referida aos mínimos.

- De realizarse esta proba global a nota final obterase do seguinte modo: un 70% resultará da media aritmética das notas de avaliación e recuperación ao longo do curso; e un 30% resultará da nota obtida na proba global.

### **Observacións:**

- **Perda do dereito á avaliación continua.** Aqueles alumnos que polo seu número de faltas de asistencia ás clases ou exames perdesen o dereito á avaliación continua, deberán presentarse a un exame na convocatoria final de xuño. Nesta convocatoria, o exame abranguerá todos os contidos do curso.

- **Se algún alumno/a non pode asistir ás probas escritas** por diversas causas como accidente, enfermidade ou outras causas de forza maior, o profesor -sempre que estas ausencias sexan notificadas e xustificadas oficialmente- **realizará por defecto a proba correspondente, o primeiro día da incorporación do alumno ao centro.** De xeito excepcional e a petición xustificada do/a alumno/a, poderá pospoñer dita proba a unha data que sexa establecida de común acordo entre o docente e o alumno/a.

- **A non comparecencia inxustificada nunha proba escrita** cualificarase cun **cero**.

- As **datas dos exames** serán establecidas de común acordo entre o profesor e o alumnado. No caso de que o alumnado non conseguira fixar unha data de forma acordada, esta será finalmente determinada polo profesor. As datas dos exames, unha vez establecidas, non poderán ser modificadas en razón da existencia doutros exames ou da excesiva carga de traballo. O obxectivo desta norma responde á necesidade de que o alumnado se faga responsable das súas decisións, non prexudique a outros compañeiros, e aprenda a planificar e organizar o seu traballo.

- **A alteración do desenvolvemento normal dunha proba escrita** (actitude incorrecta, suplantación ou copia por calquera procedemento e/ou medio técnico) **conlevará unha**

**cualificación de cero.** Co obxectivo de asegurar a limpeza da realización dos exames, **prohíbese de forma terminante que o alumno teña consigo o móbil durante o tempo da proba. A transgresión desta norma suporá unha cualificación automática da proba con 0 puntos e deberá concorrer á recuperación dese trimestre (no caso de poder celebrarse) ou ao á proba global prevista para final de curso.**

## XEOGRAFÍA E HISTORIA 4º ESO. CURSO 2023/24

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Para cualificar ao alumnado empregaranse dous tipos de **instrumentos de avaliación**:

- Probas escritas.
- Traballo diario.

A nota do/da alumno/a en cada avaliación calcularase do seguinte xeito:

En canto aos criterios de calificación, o peso recae maioritariamente nas **probas escritas cunha porcentaxe do 70%**.

En canto ao **30% restante**, debemos falar dunha división:

- **20% adxudicado as táboas referidas aos traballos e proxectos** que se realizarán en cada un dos trimestres.
- **10% restante adxudicado ás táboas de indicadores que se refiren ao traballo diario na aula**, coas rúbricas correspondentes ao caderno, exposicións orais e participación activa durante as diferentes sesións (tanto dentro como fóra da aula).

Cada trimestre contará con dúas **probas escritas** puntuadas nunha escala de 1 a 10 e consistirán nunha serie de cuestións en diversos formatos: preguntas de desenvolvemento, preguntas curtas, comentarios de imaxe ou texto, definicións...

Nas diferentes probas escritas aparecerá especificado o valor máximo de cada pregunta. Enténdese que o valor máximo só se obterá no caso de que a cuestión esté contestada á perfección, de non ser así, a puntuación irá disminuindo en función dos criterios establecidos polo docente. A puntuación do exame será obtida pola suma das calificacións de tódalas preguntas.

En canto aos **traballos e/ou proxectos**, serán puntuados por medio de rúbricas específicas nas cales teránse en conta tanto os contidos establecidos no currículo como diferentes obxetivos acadados ou non durante a elaboración establecidas nas táboas de contidos. Os traballos e/ou proxectos poden ser de diversa índole: monográficos, exposicións orais, flipped classroom, traballos con vídeo, edición de fotografías...

En canto ao **traballo diario na aula** será avaliado por medio dunha rúbrica que analice o comportamento do alumnado recollido mediante os diferentes diarios de aula: entrega de deberes, realización do caderno, participación durante as sesións...

En conclusión, a media aritmética das dúas probas escritas suporá o 70% da calificación final, o 20% serán os traballos e o 10% restante o traballo diario da aula.

- **Para poder superar a avaliación será condición indispensable ter unha nota igual ou superior ao 3,5 en cada un dos elementos avaliados (probos escritas, traballos, proxectos, traballo de aula...) A obtención dunha nota inferior a 3,5 nalgún dos elementos avaliados ao longo da avaliación, implicará de xeito automático e independentemente do resultado da media aritmética da mesma, a cualificación de suspenso na avaliación. Neste suposto, o alumno ou alumna obterá como nota media da avaliación correspondente, unha puntuación que oscilará entre un máximo de 4 puntos (tras a suma do traballo diario), e o obtido no criterio xeral.**

A avaliación consideraráse aprobada cando a media ponderada da avaliación de unha calificación igual ou superior ao 5, de ser inferior, levarase a cabo o plan de recuperación. Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal sexa **superior** a 5, o redondeo irá á alza, polo contrario, se é igual ou inferior a 5 irá a baixa.

A cualificación da avaliación final calcularase facendo a media aritmética das tres avaliacións.

Se o resultado da avaliación final é inferior a 5 (contando co redondeo) o/a alumno/a deberá presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos traballados ao longo das tres avaliacións. Será unha proba escrita no que se examinarán tódolos criterios de avaliación de tódalas unidades didácticas. A cualificación deberá ser igual ou superior a 5 (escala 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario, quedará pendente.

O alumnado que non resulte aprobado terá que ir á fase da recuperación extraordinaria e o docente reforzará aqueles aspectos que precise mellorar.

### **Criterios de recuperación**

O alumnado que non supere as avaliacións deberá realizar o plan de recuperación. Este plan de recuperación consistirá nun traballo de recuperación ou unha proba escrita de recuperación, quedando a disposición do docente elixir unha ou outra. Neste traballo de investigación ou proba escrita avaliaranse tódolos contidos traballados durante o trimestre.

Só consideraráse que o/a alumno/a superou a proba de recuperación cando obteña unha calificación **igual ou superior ao 5** na proba escrita ou no traballo.

En canto a **proba escrita**, consistirá nunha serie de preguntas de diferentes formatos (desenvolvemento, curtas, comentarios...) que avaliará se o alumnado adquiriu as competencias e contidos necesarios para superar a avaliación.

En canto ao **traballo de recuperación**, consistirá na elaboración dun traballo de investigación que avaliará a obtención dos contidos necesarios para poder superar a avaliación.

Indiferentemente da calificación obtida no traballo ou proba escrita de recuperación, a calificación oficial tra-la realización da proba extraordinaria de calificación será dun 5.

No caso de non recuperar a avaliación, o alumnado poderá someterse a outra recuperación extraordinaria cando o docente o considere pertinente. Esta recuperación consistirá noutra proba escrita puntuada nunha escala de 1 a 10 e avaliará a obtención dos contidos necesarios para superar a materia do trimestre.

## HISTORIA DE ESPAÑA- 2º BACHARELATO - CURSO 2023/24

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

O sistema de rúbricas será a ferramenta esencial para a avaliación, relacionando os estándares de aprendizaxe avaliábeis cos graos de adquisición dos mesmos concretados nunha escala cualitativa de 4 niveis:

- a) En vías de adquisición (cualificación: INSUFICIENTE)
- b) Adquirido (cualificación: SUFICIENTE / BEN)
- c) Avanzado (cualificación: NOTABLE)
- d) Excelente (cualificación: SOBRESALIENTE)

Para a avaliación da aprendizaxe do alumnado deberán terse en conta tanto o traballo individual de cada alumno como o realizado en grupo. Para o cal haberá que ter en conta:

- A comprensión dos contidos conceptuais.
- O nivel de descrición, de relación e de análise alcanzado en relación cos contidos procedementais.
- A adquisición e desenvolvemento dos contidos
- A expresión e comprensión oral e escrita.

A valoración global do alumnado debe ser o resultado dun proceso o máis obxectivo posible, en permanente toma de datos procedentes da observación directa na aula e das probas e traballos realizados ao longo de curso. Como o peso específico destes datos pode non ser equiparable, os alumnos deben coñecer previamente a porcentaxe que cada tipo de proba, traballo e outros elementos terán na súa cualificación final. En calquera caso terá en conta:

- Probas escritas sobre contidos previamente traballados na aula.
- Probas escritas sobre contidos adquiridos a través de indagacións e investigacións realizadas de forma individual ou en grupo.

As probas escritas seguirán as pautas marcadas pola CIUG co cal contarán coas seguintes partes:

- Termos para ser definidos
- Preguntas de desenvolvemento que o alumnado deberá contestar a partir dos contidos desenvolvidos na aula.
- Composición de texto histórico.



Tendo en conta o obxectivo de preparar a proba ABAU durante o curso realizaremos dúas probas en cada avaliación das mesmas características (información proporcionada pola CIUGA)

A valoración da proba escrita de composición de texto histórico buscará medir a madurez do alumno á hora de analizar un período histórico ou un tema concreto tendo en conta a súa capacidade de análise, a súa redacción e expresión, a comprensión do período e da problemática a tratar, as relacións que é capaz de facer, a maneira na que interpreta acontecementos e procesos históricos a partir de fontes documentais e como reestructura e reelabora os coñecementos adquiridos na realización dunha síntese persoal... e non unha mera reprodución memorística sen relacionala cós documentos ou con outros períodos históricos.

As probas serán valoradas sobre un máximo de 10 puntos e terán en conta os seguintes criterios para a súa valoración. Distinguimos catro niveis que se corresponden coas notas de suspenso, aprobado, notable e sobresaliente. As notas numéricas de cada nivel saen de matizar con maior profundidade os seguintes criterios:

<b>Criterios</b>	<b>Suspenso (0-1-2-3-4)</b>	<b>Aprobado (5-6)</b>	<b>Notable (7-8)</b>	<b>Sobresaliente (9-10)</b>
<b>Cantidade e calidade da información</b>	O tema ou non está tratado ou o fai insuficientemente. A información ten incorreccións e non é clara ou non está del todo centrada no tema plantexado.	O tema está tratado e da resposta aínda que sen profundizar. A información non sempre foi presentada de forma clara e precisa.	O tema está tratado e centrado na cuestión principal. A maior parte da información é clara, precisa e minuciosa.	O tema está tratado e centrado na cuestión principal e toda a información foi presentada de maneira clara, precisa e minuciosa.

<b>Redacción, organización</b>	Moitos erros de gramática, ortografía ou puntuación. A información non é relevante e non está organizada de forma coherente en gran parte do escrito.	Poucos erros de gramática, ortografía ou puntuación. A información é suficientemente relevante e está organizada dunha forma correcta.	Casi non hai erros de gramática, ortografía ou puntuación. A información é relevante e está ben organizada.	Non hai erros de gramática, ortografía ou puntuación. A información é relevante e a organización é moi boa facilitando a comprensión do tema.
<b>Presentación</b>	Mala presentación	Presentación aceptable	Boa presentación	Moi boa presentación
<b>Comprensión do tema</b>	Non parece comprender o tema. Ás veces reproduce párrafos do libro pero sen comprensión e sen relación.	Demostra un entendemento de partes do tema. Hai estudo, pero falla o análise e as relacións.	Demostra un bo entendemento do tema. Non hai unha mera reprodución dun tema. Fai relacións.	Demostra un completo e profundo entendemento do tema. Non reproduce senón que analiza e fai relacións.
<b>Vocabulario</b>	Usa palabras ou frases que non son entendidas.	Usa vocabulario específico relativamente apropiado.	Usa vocabulario específico apropiado.	Usa vocabulario específico apropiado e amplo.

Ponderarase con carácter negativo a comisión de erros, os prantexamentos incongruentes co discurso prantexado polo alumnado e o feito de non responder absolutamente nada a unha ou varias das cuestións prantexadas. Valorarase positivamente o emprego de terminoloxía adecuada a materia e a xustificación dos razoamentos empregados así como a capacidade de análise e relación con antecedentes e consecuentes.

Aquel/a alumno/a que o/a profesor/a advirta que está copiando será calificado cun cero na proba.

**A nota** do/da alumno/a en cada avaliación **calcularase do seguinte xeito:**

- **90%: media das notas obtidas nas probas escritas realizadas ao longo do periodo a avaliar.** As probas serán valoradas sobre un máximo de 10 puntos, segundo o modelo ABAU proporcionado pola CIUGA. A primeira proba e terá un valor do 40%, mentres que a segunda proba constará de todos os contidos traballados no período a avaliar e terá un valor do 60%. Non se fai media cando nalgunha das probas a calificación sexa inferior a 4 puntos (sobre 10) Realizarase a **media aritmética** das probas escritas de cada avaliación, salvo que teña unha nota inferior á anteriormente indicada nalgunha delas. A obtención dunha **nota inferior a 4** nalgunha das probas articuladas ao longo da avaliación, implicará de xeito automático e independentemente do resultado da media aritmética da mesma, a cualificación de suspenso na avaliación. Neste suposto, o alumno ou alumna obterá como nota media da avaliación correspondente, unha puntuación que oscilará entre un máximo de 4 puntos (tras a suma do traballo diario), e o obtido no criterio xeral.
- Ao longo do curso, e dado o carácter de avaliación continua, as probas contarán con toda a materia traballada até o momento da realización das mesmas, polo que abrangarán os contidos traballados e estudados ata o momento. Dada a optatividade existente nas probas o alumnado deberá realizar as tres cuestións que aparecen na mesma: definición de termos, pregunta de desenvolvemento e comentario / composición de textos históricos. Non poderá deixar ningún dos bloques en branco. Non serán tidas en conta na puntuación xeral das probas escritas, aquelas partes das mesmas que non poidan ser lidas a causa dunha **deficiente caligrafía** que dificulte ou impida a súa lectura ou comprensión.

- **10%: traballo diario individual**, exposicións orais, traballos escritos e outras actividades encomendadas (comentario de texto histórico, composición de texto histórico).

Para ser avaliado/a positivamente o/a alumno/a debe alcanzar un mínimo de 5 puntos sobre 10 en cada unha das avaliacións e para superar o curso o alumnado deberá acadar unha cualificación final de 5 puntos sobre 10.

Proposta de lectura voluntaria para o alumnado da seguinte obra: Breve historia de España en el siglo XX (Julián Casanova, Carlos Gil Andrés) Ed. Ariel

Esta lectura será realizada ao longo do curso para afondar no período histórico transcendental que é o século XX na Historia de España. Unha vez realizada a lectura, o alumnado realizará unha proba de elección múltiple sobre os aspectos máis significativos de dita lectura. Esta proba será realizada a finais do mes de abril ou principios do mes de maio e será valorada sobre un máximo de 10 puntos. A cualificación desta proba voluntaria poderá mellorar a cualificación do alumnado na cualificación final do curso até 1 punto co seguinte correlación: 10 puntos na proba = 1 punto na cualificación final do alumnado e así sucesivamente, sempre que a cualificación final no curso do alumnado sexa positiva, é dicir, sexa de 5 puntos ou superior.

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións ao longo do curso estableceranse probas parciais (se unha avaliación non está superada) ou probas globais se dúas o máis avaliacións non están superadas no mes de maio. A nota mínima que o alumnado debe acadar nestas recuperacións (tanto parcial como global) para considerar o curso aprobado na convocatoria de maio é de 5 puntos sobre 10.

A cualificación global do alumnado en maio será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións. Esta será positiva cando obteñan un mínimo de cinco puntos sobre dez puntos.

As aproximacións faranse a partir de 0,50 puntos cara á cualificación inmediatamente superior na cualificación final do curso no mes de maio.

O alumnado que non sexa avaliado positivamente na avaliación ordinaria, poderá presentarse a una proba escrita global na convocatoria extraordinaria de xuño baseada na programación impartida durante todo o curso e cualificada sobre 10 puntos, segundo o modelo da proba ABAU (criterios CIUG) Para superar dita proba e considerar o curso aprobado na convocatoria extraordinaria de xuño haberá que obter como mínimo 5 puntos sobre 10.

- **Perda do dereito á avaliación continua.** Aqueles alumnos que polo seu número de faltas de asistencia ás clases ou exames perdesen o dereito á avaliación continua, deberán presentarse a un exame na convocatoria final de xuño. Nesta convocatoria, o exame abranguerá todos os contidos do curso.

- **Se algún alumno/a non pode asistir ás probas escritas** por diversas causas como accidente, enfermidade ou outras causas de forza maior, o profesor - sempre que estas ausencias sexan notificadas e xustificadas oficialmente- **realizará a proba nunha data** que sexa establecida de común acordo entre o docente e o alumno/a.

- **A non comparecencia inxustificada nunha proba escrita** cualificarase cun **zero**.

- **As datas dos exames** serán establecidas de común acordo entre o profesor e o alumnado. No caso de que o alumnado non conseguira fixar unha data de forma acordada, esta será finalmente determinada polo profesor. As datas dos exames, unha vez establecidas, non poderán ser modificadas en razón da existencia doutros exames ou da excesiva carga de traballo. O obxectivo desta norma responde á necesidade de que o alumnado se faga responsable das súas decisións, non prexudique a outros compañeiros, e aprenda a planificar e organizar o seu traballo.

- **A alteración do desenvolvemento normal dunha proba escrita** (actitude incorrecta, suplantación ou copia por calquera procedemento e/ou medio técnico) **conlevará unha cualificación de zero**. Se un alumno é descuberto copiando durante unha proba global esta será anulada tendo que facer a seguinte proba global, se a hai, no caso de non existir terá unha nota equivalente a deixar o exame en branco. Se o fai durante unha proba parcial, tamén será anulada e automaticamente irá á recuperación.

Co obxectivo de asegurar a limpeza da realización dos exames, **prohíbese de forma terminante que o alumno teña consigo o móbil durante o tempo da**

**proba. A transgresión desta norma suporá unha cualificación automática da proba con 0 puntos e deberá concorrer á recuperación dese trimestre (no caso de poder celebrarse) ou ao á proba global prevista para final de curso.**

## XEOGRAFÍA DE ESPAÑA - 2º BACHARELATO - CURSO 2023/24

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

A cualificación do alumnado en cada avaliación calcúlase do seguinte xeito:

- **90% :media das cualificacións obtidas nas probas escritas** que se realicen ao longo do período a avaliar.

As probas seguen o modelo proposto para ABAU. Por tanto constan das seguintes cuestións: definición de termos específicos da materia, desenvolvemento dun tema e análise de documentos (mapas, gráficos, táboas e imaxes).

- **10% :actitude cara a asignatura, aproveitamento das clases e traballo diario .**

Para ser avaliado/a positivamente o/a alumno/a debe alcanzar un mínimo de 5 puntos (sobre 10). O alumnado que non alcance este mínimo debe realizar unha proba de recuperación ao rematar cada unha das avaliacións.

A cualificación final de cada alumno/a resulta da media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións (ou nas súas correspondentes recuperacións).

O alumnado que teña suspensa unha ou máis avaliacións debe presentarse a unha proba no mes de maio para poder recuperalas.

O alumnado que desexe mellorar a súa cualificación final ten a opción de presentarse a unha proba final en maio; trátase dunha proba global, de toda a materia traballada durante o curso e, a través dela, o alumnado pode mellorar a súa nota ata un máximo de 1 punto.

O alumnado que non sexa avaliado positivamente en maio (convocatoria ordinaria) debe presentarse a unha proba global de toda a materia no mes de xuño (convocatoria extraordinaria).



## HISTORIA DA ARTE - 2º BACHARELATO - CURSO 2023/24

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

A cualificación do alumnado en cada avaliación calcúlase do seguinte xeito:

- **90%:media das cualificacións obtidas nas probas escritas** que se realicen ao longo do período a avaliar.

**As probas seguen o modelo proposto para ABAU.** Por tanto constan das seguintes cuestións: definición de termos específicos da materia, desenvolvemento dun tema e análise de documentos (mapas, gráficos, táboas e imaxes)

- **10% : actitude cara a asignatura, aproveitamento das clases e traballo diário.**

Para ser avaliado/a positivamente o/a alumno/a debe alcanzar un mínimo de 5 puntos (sobre 10). O alumnado que non alcance este mínimo debe realizar unha proba de recuperación ao rematar cada unha das avaliacións.

A cualificación final de cada alumno/a resulta da media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións (ou nas súas correspondentes recuperacións).

O alumnado que teña suspensa unha ou máis avaliacións debe presentarse a unha proba no mes de maio para poder recuperalas.

O alumnado que desexe mellorar a súa cualificación final ten a opción de presentarse a unha proba final en maio; trátase dunha proba global, de toda a materia traballada durante o curso e, a través dela, o alumnado pode mellorar a súa nota ata un máximo de 1 punto.

O alumnado que non sexa avaliado positivamente en maio (convocatoria ordinaria) debe presentarse a unha proba global de toda a materia no mes de xuño (convocatoria extraordinaria).

## ÁMBITO LINGÜÍSTICO- SOCIAL - 4ºESO (PDC) - CURSO 2023/24

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Para a avaliación teranse en conta tres aspectos como son o traballo e actitude na aula, os traballos encomendados tanto de carácter escrito como oral e as diferentes probas establecidas.

As porcentaxes asignadas a cada aspecto son as seguintes:

**Ao traballo na clase** (realización das tarefas, respecto e tolerancia cara a materia e cara aos membros da comunidade educativa alí presente e traer o material necesario) traballo escritos (muráis, póster, informes, redaccións, fichas) e exposicións orais suporán o **30% da cualificación final da avaliación correspondente**.

**Os exames** (probas orais e escritas de cuestións a desenvolver, relacionar, completar ou tipo test) **suporán o 70% da cualificación final da avaliación correspondente**.

Nos criterios de corrección nas probas escritas terase en conta a corrección gramatical, ortográfica e de puntuación polo que será descontado 0,10 por cada falta de ortografía a cualificación final de dita proba.

Nas probas escritas, sempre se especificará o valor de cada pregunta e farase a media das probas que se realizaron por avaliación. No tocante aos traballos, estableceranse rúbricas que describen diferentes niveis de calidade dunha tarefa.

Para a súa cualificación, considerarase a media en base aos parámetros determinados, que son: excelente 10; ben 7; regular 5; moi regular ou inadecuado 4. Polo tanto, a nota da avaliación será o resultado de:

$$\text{Nota avaliación} = \{(\text{Media rúbricas Trab.x30}) + (\text{Media rúbricas Ex x70})\} / 100$$

O ámbito cualificarase de forma numérica en números enteiros nunha escala de 1 ao 10. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Cada unha das materias que conforma o ámbito computará un 25% da cualificación final do ámbito.

Se o docente observa que o alumno/a aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de o/a alumno/a non aprobe será avaliado segundo os criterios de recuperación.

Nota final do curso:  $\{(nota\ 1^a\ av. + nota\ 2^a\ av. + 3^a\ av.)\} / 100$

Tras a realización dos cálculos, o/a alumno/a que non chegue a 5 puntos terá que se presentar a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das tres avaliacións. Consistirá nun exame final no que se avaliarán todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 nunha escala de 1 -10 para ter o ámbito aprobado.

## **CRITERIOS DE RECUPERACIÓN**

Co alumnado que non aprobé as avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá na elaboración dunhas fichas de reforzo con diferentes propostas de tarefas sobre os contidos traballados e que non se superaron e a preparación dunha serie de preguntas exame sobre ditos contidos.

Farase unha proba escrita de recuperación por trimestre sobre as preguntas propostas e previamente preparadas polo/a alumno/a que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor) e o traballo entregado que será puntuado seguindo as rúbricas: excelente 10; ben 7; regular 5; moi regular ou inadecuado 4, calculando logo a media. Para calcular a nota de recuperación considerase o 50% das probas escritas e o 50% dos traballos.

Nota recuperación da avaliación non superada =  $\{(Nota\ Ex + Media\ rúbrica\ Trab)\} / 2$

A avaliación recuperarase cando a cualificación é superior a 5.

Concretamos que a construción da nota da avaliación a recuperar establécese cos instrumentos da recuperación. Todo traballo será supervisado polo docente e este estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva.

No caso de que non se recupere a avaliación, o alumnado poderá someterse a outra recuperación cando o docente o considere pertinente consistente na realización dun exame escrito puntado nunha escala de 1 a 10 e sobre as preguntas mandadas realizar polo docente no inicio do plan de recuperación, non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente, en caso contrario, debe adxuntarlo de novo, outra vez.

## **OBSERVACIÓNS:**

Estes criterios de cualificación e promoción son provisionais ata que non sexan publicados nas programacións didácticas correspondentes dos cursos e materias descritas na aplicación PROENS polos membros do Departamento de Xeografía e Historia para o presente curso 2023 – 2024.

Segundo a ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia no seu Artigo 4.2 expón: *No caso das programacións didácticas de segundo, cuarto de educación secundaria obrigatoria, de segundo curso de bacharelato, a dirección do centro remitirá as programacións didácticas á Inspección educativa antes do 1 de decembro.*